

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**1** Le o texto cunha pronunciación, cunha entoación e cun ritmo axeitados.

### Unha escola sobre a auga

Ola, somos Nara e Khim. Benvidos ao noso país,  
Cambodja. Sube, que te levamos á nosa casa... en  
barca!

A nosa aldea chámase Prekto. As casas son de  
madeira e están construídas sobre canas de bambú e  
sobre bidóns que aboian no río. As familias crían  
vacas e cabras e cultivan a terra nas marxes do río.

Cada mañá quedamos cos veciños para  
irmos xuntos á escola, que tamén está no  
río. Aquí, ata os máis pequechos saben  
remar.

Xa está! Todos os nenos e nenas amarramos as  
barcas. Axiña, que comeza a clase!

Na escola aprendemos matemáticas, ciencias e a  
nosa lingua, o cambodjano. Para contestar unha  
pregunta na clase, temos que erguer  
os dous brazos.

Para volver para a casa tamén navegamos  
polo río e ás veces vemos pasar crocodilos.

Sabes como se di adeus en cambodjano?  
*Xum rieb lie.*

**2** Busca os nomes propios na lectura e completa.

Este texto conta como é a vida de \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_, dous rapaces

que viven nunha aldea chamada \_\_\_\_\_ e que está construída sobre

un río, nun país que se chama \_\_\_\_\_.

**3** Escribe V se é verdadeiro e F se é falso.

- Prektol é unha aldea de casas de pedra.
- As casas de Prektol aboian na auga do río.
- Os rapaces e as rapazas da aldea van á escola a pé.
- As familias de Prektol cultivan a terra e crían animais.
- Nas escolas de Cambodja estúdase o galego.
- Todos os nenos e nenas de Prektol saben remar.
- No río de Prektol hai crocodilos.

**6** Converte en verdadeiras as afirmacións falsas da actividade anterior.

**7** Se as seguintes cousas fosen varias e pequeniñas, como serían? Esríbeo.



• a vaca ▶ \_\_\_\_\_

• a barca ▶ \_\_\_\_\_



• o zoco ▶ \_\_\_\_\_

• o saco ▶ \_\_\_\_\_

**8** Completa con *c* ou *qu*.

Moitos ativos ambodjanos teñen problemas para ir á es\_\_\_\_ola. Algúns van en bar\_\_\_\_a; outros en bicicleta; e aínda os hai que teñen que \_\_\_\_\_amiñar moitos\_\_\_\_ilómetros\_\_\_\_ada día para poderen ir á clase. Pero hai moitos máis\_\_\_\_e simplemente non poden ir ao\_\_\_\_olexio por\_\_\_\_e teñen\_\_\_\_e traballar para\_\_\_\_omer.

**9** Escribe un texto breve en que lles contes aos rapaces da lectura como son o lugar onde vives e mais a túa escola.

---

---

---